



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Econometría

Materia	Econometría			
Código	004G020V01304			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Pintos Clapés, Juan			
Profesorado	Pintos Clapés, Juan			
Correo-e	jpc@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal/">http://moovi.uvigo.gal/</a>			
Descrición xeral	<p>A asignatura encádrase no primeiro cuatrimestre do segundo curso do grao. Trátase dunha materia para os alumnos que xa teñen completado o primeiro curso, e que polo tanto poseen formación nas disciplinas de matemáticas e estadística, un coñecemento básico das cales é moi importante para o estudo da econometría.</p> <p>De este modo, o alumno encontrase preparado para abordar unha asignatura de análise como é a econometría, na que empregará os seus coñecementos estadísticos para construír modelos econométricos xerais, que son aplicables en principio o estudo e resolución de problemas dunha ampla variedade de materias relacionadas coa titulación.</p>			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
C7	Posuír e comprender coñecementos sobre as principais técnicas instrumentais aplicadas ao ámbito empresarial
C12	Solucionar de maneira eficaz problemas e tomar decisións utilizando métodos cuantitativos e cualitativos apropiados, incluíndo entre eles a identificación, formulación e solución dos problemas empresariais
D3	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Comprensión das técnicas econométricas básicas dende un punto de vista teórico e aplicado.	B1 B13	C7	
Manexo das técnicas e ferramentas básicas para a cuantificación das relacións entre variables relevantes no mundo económico e empresarial.	B13	C12	
Capacidade de abordar de xeito eficaz certos problemas do eido empresarial empregando a metodoloxía econométrica axeitada.	B1 B2	C12	D3
Habilidades para a argumentación e obtención de conclusións de xeito rigoroso a partir da evidencia empírica.	B1 B2 B5		

## Contidos

Tema	
1. Modelización econométrica.	Definición e obxectivos do modelo econométrico. Deseño y construción do modelo econométrico.

2. Modelo de Regresión Lineal Clásico (MRLC).	Especificación do modelo. Hipóteses básicas do modelo. Estimación e interpretación dos coeficientes estimados. Propiedades dos estimadores. Bondade de axuste. Contrastes de hipóteses. Predicción. Outras cuestións relacionadas co Modelo de Regresión Lineal Clásico (MRLC).
3. Incumprimento das hipóteses clásicas.	Análise, consecuencias, diagnose e posibles solucións se hai incumprimentos das hipóteses clásicas.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	30	50
Resolución de problemas	8	18	26
Prácticas de laboratorio	15	24	39
Seminario	5	10	15
Exame de preguntas obxectivas	1	9	10
Exame de preguntas obxectivas	1	9	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, complementada co uso de medios audiovisuais, así como a introducción dalgunhas preguntas dirixidas ó estudante, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Resolución de problemas	Permite ó alumnado implementar de forma efectiva os coñecementos teóricos adquiridos a partir das sesións maxistras a través da realización de actividades tales como exercicios e problemas. Os obxectivos desta técnica son: alcanzar unha maior competencia no manexo dos contidos aprendidos así como ilustrar as súas potenciais aplicacións.
Prácticas de laboratorio	Nestas sesións de laboratorio informático se aplicarán os coñecementos adquiridos nas clases teóricas e prácticas para a realización de supostos prácticos coa axuda dun programa informático econométrico. Os alumnos traballarán individualmente ou en grupo baixo a supervisión do profesor.
Seminario	Sesións en grupos pequenos que permiten aprofundar ou complementar os contidos da materia mediante a discusión de problemas ou exercicios entre o profesor e os alumnos. O reducido tamaño dos grupos permite unha atención personalizada ás dúbidas e inquedanzas dos alumnos.

### Atención personalizada

#### Metodoloxías Descrición

Seminario	Sesións en grupos pequenos que permiten aprofundar ou complementar os contidos da materia mediante a discusión de problemas ou exercicios entre o profesor e os alumnos. O reducido tamaño dos grupos permite unha atención personalizada ás dúbidas e inquedanzas dos alumnos.
-----------	---

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	A avaliación neste contexto pode consistir na entrega de exercicios resoltos, exposición de exercicios na pizarra, traballos, etc.	20	B1 B2 B5 B13 C7 C12 D3
Prácticas de laboratorio	A avaliación neste contexto pode consistir na entrega de supostos resoltos, exposición de supostos no laboratorio, traballos, etc.	30	B1 B2 B5 B13 C7 C12 D3
Exame de preguntas obxectivas	A avaliación neste contexto consistirá en preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta.	25	B1 B2 B13 D3
Exame de preguntas obxectivas	A avaliación neste contexto consistirá en preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta.	25	B1 B2 B13 D3

### Outros comentarios sobre a Avaliación

- Para a 1ª edición das actas (**xaneiro**) haberá dúas formas alternativas de avaliación:

**Opción A:** A **AVALIACIÓN CONTINUA** que se acaba de expoñer no cadro anterior, que é o sistema preferente de avaliación. **Entenderase que o alumno se acolle á avaliación continua se NON comunica (por email ou Moovi) ao profesor coordinador da materia, no prazo establecido, que desexa mudar ao sistema de avaliación global. O prazo para comunicalo vai do 11 de setembro ata ó 11 de outubro de 2023.**

Anunciarase a principio de curso un cronograma donde aparecen as datas das distintas probas de avaliación continua.

O alumno que se acolla á avaliación continua terá a obriga de colocar unha fotografía tipo carné en Moovi antes da primeira proba de avaliación.

Todos os alumnos deben acceder regularmente á plataforma de teledocencia para estar así ao corrente das novidades que se produzan.

**Opción B: Avaliación Global.** O estudante que comunicase no modo e prazo mencionados que NON se acolle ao sistema de avaliación continua, será avaliado mediante a realización dun exame final do 100% da nota na data oficialmente establecida no calendario académico.

Para a opción B da edición de xaneiro, tanto as competencias avaliadas coma os resultados de formación e aprendizaxe serán os mesmos que para a opción A da edición de xaneiro.

- Para a 2ª edición das actas (**xullo**) haberá tamén dúas formas de avaliación:

**Opción A:** O estudante que se acollera ao sistema de **avaliación continua** poderá conservar as notas dos seguintes dous bloques de probas realizadas para a primeira edición: o Bloque 1, que abrangue a proba de resolución de problemas e a proba de laboratorio (e suman o 50% da nota); e o Bloque 2, que abrangue as probas de preguntas obxectivas (e suman o 50% da nota). Poderá subir nota nos seguintes bloques: Bloque 1: proba de resolución de exercicios e/ou supostos (50% da nota); e Bloque 2: proba de preguntas obxectivas (50% da nota).

**Opción B: Avaliación Global.** O estudante que NON se acollese ao sistema de avaliación continua, será avaliado mediante a realización dun exame final do 100% da nota na data oficialmente establecida no calendario académico.

Para a edición de xullo, tanto as competencias avaliadas coma os resultados de formación e aprendizaxe serán os mesmos que para a edición de xaneiro.

- Para a convocatoria **Fin de Carreira:** a avaliación consistirá na realización dun exame do 100% da nota na data oficialmente establecida no calendario académico.

Para la convocatoria Fin de Carreira, tanto as competencias avaliadas coma os resultados de formación e aprendizaxe serán os mesmos que para a edición de xaneiro.

É necesario traer o DNI ou documento análogo cando teña lugar a realización dos exames e probas. O incumprimento deste requisito pode ter como consecuencia que ó alumno non se lle permita realiza-lo exame ou proba en cuestión.

As titorias serán concertadas co profesor a través do correo electrónico ou Moovi.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Dougherty, C., **Introduction to Econometrics**, 5ª, Oxford University Press, 2016

Wooldridge, J.M., **Introducción a la Econometría: Un enfoque moderno**, 5ª, Cengage Learning Editores, 2015

### **Bibliografía Complementaria**

Stock, J.H. y Watson, M.M., **Introducción a la Econometría**, 3ª, Pearson, 2012

Gujarati, **Econometría**, 5ª, McGraw-Hill, 2010

Esteban, M. V., y otros, **Econometría básica aplicada con Gretl**, 1ª, Sarriko-On, Universidad del País Vasco, 2009

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Estatística: Estatística/O04G020V01204

Matemáticas: Matemáticas/O04G020V01104

### **Outros comentarios**

- É necesario traer o DNI ou documento análogo cando teña lugar a realización dos exames e probas. O incumprimento

deste requisito pode ter como consecuencia que ó alumno non se lle permita realiza-lo exame en cuestión.

- Por razóns pedagóxicas é altamente recomendable a asistencia regular ás clases. Sen dúbida, a asistencia fará que a dificultade de superar a materia sexa notablemente máis baixa. Así, o alumno poderá aproveitarse dun ritmo de traballo continuo e da exposición de contidos teóricos e prácticos feitos na aula polos seus compañeiros e o profesor.

- As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario das probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso actual

---